

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Sra. alcaldesa, con data de 21 de xullo do dous mil vinte e tres , ditou a seguinte

RESOLUCIÓN :

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE 2 NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D.^a MARÍA DEL PILAR RODRÍGUEZ SEPÚLVEDA. EXPED. 2023/X999/000452

EXPEDIENTE: 2023/G003/000925

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que no día da data, 13 de xullo de 2023, presentouse a solicitude de dous nichos no cemiterio municipal por D.^a María del Pilar Rodríguez Sepúlveda (rex. de entrada núm. 2023999000002060).

Considerando que a persoa interesada achegou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto,

Considerando que ao atoparse correcta a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, procedeuse a realizar, con data de 13 de xullo de 2023 proposta de

adjudicación a favor da interesada, de conformidade co previsto na cláusula 19 do prego de condicións, requiríndolle para que procedera ao aboamento das tarifas correspondentes.

Considerando que a interesada, con data do 17 de xullo de 2023 (rex. de entrada número 2023999000002094 e 2023999000002096) acreditou o aboamento de 2.500 €, que se corresponden co importe das tarifas de concesión de 2 nichos.

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns, do 21 de xullo de 2023, incorporada ao expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adjudicar a concesión do uso privativo dos nichos 28A e 28B do bloque 2 a D.^a María del Pilar Rodríguez Sepúlveda, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada, con sinalamento dos recursos procedentes, lembrándolle a obriga de achegar, a acreditación da constitución da garantía por importe de 71,60 € (35,80 € por cada nicho).

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e Prace

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz